



As zonas climáticas

Como xa temos estudado, o clima distribúese en extensos territorios a ambos os dous lados do ecuador. Para a descrición das zonas climáticas, téñense en conta a latitude e a incidencia dos raios solares. Á súa vez, en cada zona climática hai diferentes tipos de clima.

Repasa as zonas climáticas no material da unidade e logo intenta resolver esta actividade.

Práctica

Arrastra ao seu lugar o nome de cada zona que se define:

Zona de clima temperado

Zona de clima cálido

Zona de clima frío

1.-

Está situada entre os trópicos, o de Cáncer e o de Capricornio. Nesta zona climática, as temperaturas son moi cálidas debido a que os raios solares son perpendiculares á Terra. Dentro desta zona climática diferenciamos os climas **ecuatorial**, **tropical** e **desértico**.

2.-

Está situada entre os círculos polares e trópicos, é dicir, atópase nos dous hemisferios. Nesta zona existen grandes contrastes de temperaturas ao longo do ano, distinguíndose claramente unha estación cálida, outra fría e dúas de transición. Canto máis nos afastamos dos trópicos e máis nos achegamos aos círculos polares, as temperaturas descenden e os climas son máis frescos. Nesta zona, os principais tipos de clima son o **mediterráneo**, o **oceánico** e o **continental**.

3.-

Está situada tamén nos dous hemisferios, no norte e no sur. Comprende as franxas que van desde os círculos polares ata os polos. Nestas zonas, as temperaturas son moi baixas e apenas existe verán. Os tipos de clima desta zona son o **polar** e o de **alta montaña**.



Agora repasa os tipos de clima, a ver se es quen de atribuírle a cada definición o seu nome:

Práctica

Caracterízase por ter temperaturas cálidas durante todo o ano (a media anual é superior a 27 °C) e precipitacións abundantes. Podemos atopar este tipo de clima na selva amazónica e en África central.

Caracterízase por temperaturas extremas, moi frías pola noite e moi altas durante o día. As precipitacións son escasas. Localízase ao norte e ao sur dos trópicos. Un bo exemplo son os desertos do Sahara, de Arabia, do Gobiou e do Kalahari.

Este clima podémolo atopar nas zonas elevadas das grandes cordilleiras do planeta. As temperaturas son frías e existe unha elevada humidade. En consecuencia, os invernos son moi fríos e longos, e os veráns frescos e curtos. As precipitacións adoitan ser en forma de neve e van desde o outono ata a primavera. É típico do norte de Europa.

É característico das zonas bañadas polo mar Mediterráneo. Ten invernos suaves e veráns cálidos e secos. As precipitacións non son moi abundantes e concéntranse nas estacións da primavera e do outono.

Ten temperaturas medias superiores aos 18 °C, os invernos son suaves e os veráns calorosos. No relativo ás precipitacións, ten unha estación seca e outra chuviosa. Neste tipo de clima prodúcese os monzóns. Hai varios subtipos: tropical, sabana e monzónico.

Este subtipo de clima é propio das zonas oceánicas de latitudes medias. En Europa podémolo atopar na fachada atlántica de Portugal, España e Francia, entre outros países do mundo. Os veráns son suaves e os invernos non moi fríos. As precipitacións son abundantes todo o ano. Este é o clima característico de Galicia.

É un subtipo de clima propio do interior dos continentes en latitudes medias. Son zonas pouco húmidas e con temperaturas extremas: invernos fríos e veráns cálidos. As precipitacións son escasas e concéntranse en determinadas estacións.

Caracterízase por ser propio dos círculos polares, cunha temperatura media anual inferior aos 0 °C e con precipitacións escasas en forma de neve. É o clima característico da Antártida ou das montañas de Alaska.